

# RUTA 155; LAGOA DE VALVERDE OU DE COSPEITO

## XXI EDICIÓN: LAGOS, LAGOAS E TERMAS

### Programa VENDE DE MARCHA 2022

**DATA DA ACTIVIDADE:** domingo, 11 de Setembro de 2022

**LUGAR:** Cospeito

**DATA INSCRICIÓN:** Do venres 26 de Agosto ó venres 2 de Setembro de 2022

#### INFORMACIÓN SOLICITUDES:

Para solicitar a inscrición, terás que cubrir o documento de inscrición e entregalo a través dalgunha destas opcións:

a) presencialmente, a través dos Rexistros Municipais de Cambre (lembra que funcionan con cita previa, que terás que pedir no teléfono 981 61 31 28 ou na web [ccambre.com](http://ccambre.com)).

b) telemáticamente, a través da Sede Electrónica do Concello de Cambre (precisarás un certificado dixital para poder facelo).

Se o entregas a través do Rexistro doutra Administración, Se a presentas noutra administración debes enviar unha copia por correo electrónico. Despois de enviar dita comunicación chámamos por teléfono para comprobar a súa recepción.

**IMPORTANTE:** debes acreditar o desconto que solicites presentando o documento orixinal.

#### INSCRICIÓN DEFINITIVA:

Na nosa app poderás comprobar diariamente a listaxe de solicitudes recibidas.

#### Sorteo

Se o número de solicitudes recibidas é superior ao de prazas ofertadas, realizarase un sorteo público o 2 de setembro, ás 13:00, na Casa Arrigada (Cambre). A continuación publicarase na app a listaxe definitiva de persoas admitidas e a listaxe de espera. Comproba nesa listaxe se tes praza.

#### Estou admitido/a e é a primeira vez que participo

Se é a primeira vez que participas nunha actividade da OMIX, terás que entregar, unha vez que confirmes que tes praza, a ficha FIPAX (Ficheiro de Participante en Actividades Xuvenís), acompañada de copias do teu DNI e da túa Tarxeta Sanitaria.

#### Renuncia á praza

Se tes praza e finalmente non podes asistir, terás de prazo ata o martes día 6 de setembro, ás 14:00 para comunicarnos a túa renuncia. A renuncia farase a través de correo electrónico a [actividades.omix@cambre.org](mailto:actividades.omix@cambre.org). **MOI IMPORTANTE:** se non renuncias en tempo e forma, pasarásche o recibo da actividade.

**DESTINATARIOS:** Actividade aberta a todas as idades.

As persoas menores de 14 anos deberán ir acompañadas dunha persoa adulta responsable do menor.

A orde de prioridades será a seguinte:

1º Persoas empadroadas

2º Persoas non empadroadas que traballen/estuden no municipio de Cambre.

3º Persoas non empadroadas

**PRAZAS:** 50 prazas

**TELÉFONO DURANTE A ACTIVIDADE:** 600.802.222

**INFORMACIÓN ACTIVIDADE:**

As lagoas de Cospeito xunto a outros humedáis da Terra Cha conforman un conxunto de enorme importancia biolóxica. A horizontalidade de relevo xunto co arcilloso do terreo, fai que se favorezca a presenza de zonas encharcadas en depresións impermeables en forma de lagoas que no seu conxunto reciben o nome de Complexo Húmido da Terra Chá.

A lenda conta que no sitio onde hoxe en día está a lagoa, está a Vila de Vilavalverde, que era moi importante, e un día pasou por alí un pobre e pediu posada onde pasar aquela noite.

Ningyén tiña mágoa de aquel pobre, enton colleu e marchou da aldea, foise a unha casiña na ladeira do monte onde vivía unha familia que tamén era moi pobre. Esta familia recibíulle de bo grado pero non tiñan apenas que comer polo que decidiron matar a única tenreira que quedaba para poder cear todos e compartir o momento. Despóis de cear, o pobre pediulles que botasen os osos grandes nunha cuadra , e os ósos pequenos noutra e así fixo. Ao día seguinte o pobre ergueuse cedo e chamou polo dono da casa e mandoulle muxir as vacas e poñer os terneiros a mamar. Non lle facían caso ningún, pero o pobre seguía gritando o mesmo, e o dono queixábase explicándolle que o día anterior mataran o último animal que lles quedaba.

O pobre contestou: "Tan certo como que tes becerros e vacas nas cuadras como que a Vila Valverde afundiuse nas augas". E despois de estas palabras o pobre desapareceu e non se lle viu máis.

Máis tarde a familia saíu pola porta e viron que , como dixera o pobre, a Vila Valverde afundiuse en castigo polo mal que o trataran. Foron as cadras e viron que onde botaran os ósos grandes había vacas o onde botaran os ósos pequenos había tenreiras. Todos se puxeron moi contentos, pero no sitio de Vila Valverde, todo era unha gran lagoa, e no alto do monte había unha capela cunha imaxe da Virxe, que por atoparse nese lugar quedoulle a Virxe Do Monte.

**LUGAR E HORA DE SAÍDA:**

- Casa Palmeiras (O Temple): 8:20 h horas
- A Barcala (parada do autobús): 8:25 h horas
- Cambre (diante do bar O Cruceiro): 8:30 h horas
- Pravio: 8:35 h horas
- Cecebre (Apeadeiro): 8:40 h horas

**LUGAR E HORA DE CHEGADA:** Mesmas paradas, 20:00 aprox en Cambre horas

**EQUIPAMENTO RECOMENDADO:**

Roupa cómoda, protector solar, calzado que suxeite ben o nocello (botas), roupa que protexa do paso entre toxos, comida, auga (máis de 1 litro), roupa para o vento e para o frío, se chove será preciso un chubasqueiro.

**PREZOS:**

TARIFA	Empadroadado	Non empadroadado
Xeral	12.00 €	15.00 €
Tarxetom	6.00 €	
Familia Numerosa	6.00 €	
Pertenza AAXX de Cambre	6.00 €	
Desempregao/a	8.40 €	
Voluntariado de Cambre	8.40 €	11.40 €
Carné Xove	9.00 €	12.00 €

**O PREZO INCLÚE:** Transporte, guiado da ruta, monitorado, seguro e actividade de piragüas e tiro con arco; terán prioridade a mocidade para ditas actividades

**AVISO FINAL:**



## INFORMACIÓN DA ACTIVIDADE:

### Puntos de interese:

San Martiño de Lamas (Os Currás); Lagoas de Lousado; Lagoa de Carballosa; Bodenlle; A Toore; Felín; Feira do Monte; A Lama de Anidos; Lagoa Valverde.

### Na contorna:

Cospeito, Vilalaba e Abadín.

### Distancia:

15 KM, 5h ruta lineal

### Dificultade:

Media-Baixa , sendeiros, corredeiras, puistas forestáis, cortalumes e pistas asfaltadas

Farase unha parada antes do comezo da ruta para café, baño, abastecemento de pan, etc. A comida será en ruta

<b>+ INFORMACIÓN - CASAS DA XUVENTUDE DE CAMBRE</b>		
<b>CAMBRE: CASA ARRIGADA - OMIX</b> Estrada da Estación, 52 15.660, Cambre	981.613.170 698.178.424 609.510.331	infojuvenil@cambre.org omix@cambre.org
<b>O TEMPLE: CASA DAS PALMEIRAS - PMIX</b> Rua Tapia 1 15.679, O Temple, Cambre	981.650.269 604.027.967	pixtemple@cambre.org